



//ABANCA



C.A. Sar Vermut-Petroni

Ano de fundación: 1996

Número de fichas: 52

Nome do presidente: José Fernando Sainz

Delegación: Santiago

Correo electrónico: atletismosar@gmail.com

Continuamos co noso obxectivo de tentar dar a coñecer un pouco máis as distintas realidades, problemáticas e obxectivos de todos cantos clubs están querendo participar nesta sección de entrevistas.

No día de hoxe será o C.A. Sar Vermut Petroni, quen nos achegue un pouco máis do seu día a día

Paco Sanmarco, un dos responsables da entidade, falábanos así sobre o que deu de si a tempada pasada

“Para nós a tempada 2015-2016 só podemos dicir que foi moi positiva, como clube de afeccionados e de grandes apasionados que somos a este deporte e na que os nosos obxetivos xirán o redor de dous grandes puntos:



a) Prácticar do atletismo popular da maneira máis saúdale posible, sobre un terreo onde ese presente o compañerismo, a cordialidade, a deportividade, a tolerancia, a diversidade... valores estos da vida que atopamos todos os fines de semana nas competicións deportivas do noso deporte.

b) Como segundo obxectivo podemos dicir que pretendemos participar e competir no maior número posibel de carreiras populares, así o fixemos durante esta ultima tempada, participando en gran cantidade de carreiras populares, campionatos galegos de cross, pista, ruta en distintas categorías absolutas e veteranos, e froito de todo isto foi que volvímonos proclamar Campións do IV Circuito da Deputación de A Coruña, o que demostra a regularidade e a gran participación dos nosos e nosas atletas ao longo do ano.



falar os sete falares



//ABANCA



Gonzacar, S.L.



Ribeiro



Falando sobre os obxectivos que o clube ten para este ano en curso non dubida en salientar que "O obxectivo principal é seguir mantendo o noso grupo de atletas, o compañerismo e a rivalidade sana que temos entre nós. Ó final isto é unha forma de disfrutar a vida, que nos ensina a ser organizados e disciplinados"



...e na que ademáis revela un motivo de celebración "Esta é unha tempada algo especial, pois estamos de cumple (20 anos) onde presentamos por primeira vez un equipo Junior de tres atletas, que se xunta ó feminino que temos dende fai uns tres anos .

Continúa falando e destacando a regularidade que teñen como clube "Dende a nosa fundación sempre presentamos equipo no galego de cross, e intentamos estar en todas as carreiras que teñen premios para os clubes. No grupo de atletas que formamos o *Sar-Petroni*, somos de distintas localidades, participamos nun gran número de carreiras ó longo da tempada en Galicia, e moitas ocasións tamén fora da Comunidade"

Da mesma maneira, nestes anos de historia, salienta os logros deportivos da súa entidade destacando os acadados a nivel de equipo "Bueno, a nosa historia ao longo destes anos, aparte de innumerables victorias absolutas en carreiras, tanto a nivel masculino como no feminino, é o noso dominio coma clube no podemos destacar algunhas victorias: 3 na Mediasán do Camiño, 3 na carreira de Padrón, 6 triunfos nos 7 últimos anos da Carreira de Negreira e nas 3 edicións do Circuito de Carreiras Populares da Deputación da Coruña"

E remata facendo un chamamento a federación "...gustaríame, como xa teño comentado a membros da Federación, que se voltaran a facer clasificacións por clubes nos Campionatos Galegos, como fai uns anos, tanto na Maratón, como no Medio Maratón, e si fora posibel tamén nos 10k en Ruta, pois na nosa opinión, pensamos que sería un aliciente máis que se lle da ós campionatos, así como para os propios clubes, patrocinadores, etc.